

# Desexos e presenzas (I)

David Otero

*“..soñamos co e no rural, soñamos con espazos desexables e así tamén soñaremos para a materialización deses soños...”*

Os soños teñen sentido se hai coñecemento e saber. Coñecemento e saber neste caso, referido ao rural, do territorio para o que se soña. Do contrario, os soños derrúbanse e mesmo en moitos casos vólvense pesadelos. Como nos di o arquitecto Cesar Portela: *“ hai que ter claro onde pousan os soños”*. Para antes .e nos momentos de soñarmos espertos (que é unha marabillosa forma de o facer) debemos sustentarnos nun principio reflexionado de que modelo de rural queremos (e sostelo), en que condicións e a costa de que.

Non podemos esquecer que moito se nos está indo e mesmo os gobernos sen se poñer colorados o cualifican de normal (como un proceso lóxico ou mesmo natural) consecuencia do “progreso”. Que se fale de progreso é insólito, pois non temos moi claras as

ideas para o día seguinte. Velaí logo ben á vista a política torpe, miope e de mal siso, que nos dispensan non poucos gobernantes, din, que instalados na “modernidade”, xogan, sen saber, a seren visionarios. E así protexen os poderosos e ambiciosos (tamén) a costa do rural. Mostras, das que falaremos logo, temos de abondo.

Iso antedito obriga a (re)definirmos o rural e determinalo, tamén nos (cos) soños, para, entre moitas cousas, dicir basta a tanto mal e interesado intervencionismo destes gobernos, tanto o de en Galicia, Galicia, Galicia, como o do Estado. O noso rural precisa comunitariamente e institucionalmente unha dinámica vital mellorada, sen anular, dinamitar, o seu universo definitorio (tradicional e histórico cultural), pois as novidades, “innovacións”, que non cadran, que chocan, nin se entenden, nin interesan. Olo cos discursos simplistas, páñfilos vulgares, sen contido e só chamados a titulares de prensa. Farán moito mal. Velaí en todo isto e máis a importancia da veciñanza.

Unha veciñanza esixente que, desde o que son e onde son, pensen na verdadeira convivencia, camiñando comprensivamente nos seus modos de vida e na súa subsistencia exclusivamente rurais. Iso leva a evolución comunitaria baseada na recuperación vital integrada, mesmo saída, da posta en actualidade dos lugares, aldeas e parroquias, cos nomes de chamar, a toponimia. Evolución e recuperación celebrada a cada día coa natureza de ser, estando, sentindo os espazos e lugares, as paisaxes e patrimonio, os cultivos e o forestal, servizos básicos, a biodiversidade, a Lingua, a historia e recordos, as tradicións, a educación e a cultura. A vida. A non deturpada que se foi forxando xeración tras xeración. Reactivación compartida. E todo, repetimos, na naturalidade, na autenticidade, fóra de proxectos publicitarios de contido baleiro (cando non deformante) que botan a xente fóra matando os lugares, con anuncios de fume, que destilan oportunismo, improvisación e carencia de planificación. Pois como nos di Rosa Aneiros:



*“Ninguén se rende. Sabendo quen son. A onde pertencen. E o que aman. A empresa de moita xente son as terras”.*

A integración no rural ha de ser de actitude limpa e condutas colaborativas, de carácter inmersivo, con desexos de entendelo, sabelo, darlle sentido, orientalo e vivilo en equidade (xa que a desigualdade vai de doada e ata barata e é moi tentadora). E así nestes tempos máis ca nunca o facer supón loita, esforzo, de construción cotián, reivindicando a dignidade (individual e colectiva). Tamén a rebeldía necesaria, pois nela vai o contido de esperanza comunal. E así actuando coa memoria activada e activa, respectándoa moito, porque esta sempre garda e conserva, apaña e pon á vista. Ela mantén a imaxe da tradición e ao tempo motiva e facilita a innovación, na disposición da sensibilidade moi especial, totalmente necesaria, para coa Cultura popular, pola (na) Lingua e ademais un grande respecto pola capacidade creativa do pobo.

Pensemos seriamente e é certo, que se queremos un país sostible,



non queda outra que mirar ao rural e establecer comunicación con el e nel. Velaí pois que debemos ter ilusións cando levemos un plano de futuro nos petos e nas cabezas, coñecendo ben como estamos e intuindo onde estaremos. Hai que dar os pasos mirándonos e asemade mirando ao conxunto de Galiza. Non podemos esquecer que

*“...a aldea constitúe un universo definido, determinado, no grande universo que é o rural. Ten o seu andar, vai ao seu paso e xa que logo a súa personalidade... ollo cos proxectos imaxinarios engalanados de fotografías intencionadas. Non todas as premisas, sendo atraentes, o son verdadeiras.”*

Pouco a pouco, contando coa paciencia das lectoras e dos lectores, tamén a da organización e edición desta revista, quixer ir debullando aspectos preocupantes para todas e todos destes tempos, pero moi especialmente preocupantes por proximidade ao rural. Refírome nesta entrega ao solo, ao forestal e aos eólicos (que se din no nome de enerxía verdes, renovables).

O solo é algo tan importante, básico e esencial, que nos merece e obriga unha reflexión profunda e compartida, que dea lugar a complicidade comunal para un orientar que corresponda cos principios dunha agricultura ecolóxica que recicle a materia orgánica e, xa que logo, os nutrientes, pois na indicación de certos milagres,





*“...a biodiversidade é o que alimenta o mundo e non os monocultivos tóxicos...”*

Temos un Plano forestal que non ten en conta a diversificación forestal, nin trata de erradicar os incendios, nin ten en conta a protección das especies do noso bosque autóctono, nin se preocupa polo uso social do monte. Vai de costas á realidade e vai do revés no tocante ao desenvolvemento do solo e gando, do forestal, que sexan sustentables. Iso impide ao rural aproveitar e establecer usos equilibrados do monte. Baixa nel a presenza de gando e a produción agrícola (como o centeo e o trigo e outros produtos de grao). Minguan as nosas posibilidades de ser autosuficientes, polo que precisamos proxectos comúns e traxectos propios ao servizo das persoas e das veciñanzas. Non ao de grandes empresas (como ENCE, FINSA, COREN, etc.).

proprios da agricultura industrial, non son máis que un *ecoapartheid*, que nos indica que somos algo afastado da terra. Vese o mundo que define o solo como materia inerte, sen ter en conta que a base dunha boa agricultura non vai tanto nas plantas como no solo. Un solo san produce plantas sas.

Pois debemos entender que

*“...o solo é un entorno vivo. Un solo vivo é quen nos alimenta. O seu benestar é fundamental para o noso benestar. Os pobos sans e produtivos, fértiles, dan plantas saudables e fértiles, que asemade dan persoas saudables...”*

Velaí a necesidade dunha agricultura orgánica, propia do lugar no que se leva a cabo e traballa, pois a súa saúde depende do solo (pois este é un entorno vivo) e asemade, entre outras cousas, tamén das plantas, os animais e as persoas. O tema pois non é fertilizar as plantas, senón nutrir o

substrato vivo. Olo cos ruídos. Os solos onde xa non viven os organismos que debeses, sen reter auga, o alimento non pita. Un solo saudable produce plantas saudables e así estas cando se consuman (por animais e persoas) darán animais e persoas saudables. Verdade que coller algo sen dar nada ... iso é roubar? Pois estamos roubando ao solo. O solo non é materia inerte. Somos solo. Somos terra. Por iso non é casual que humus e humanos teñan a mesma raíz.

Recordemos que

*“...as abellas e as bolboretas son quen alimentan ao mundo... e non os tóxicos e os pesticidas...”*

Dise que a saúde é un dereito natural de toda colleita e polo mesmo, teñámolo ben en conta, que aumentar a diversidade e os cultivos orgánicos convértese nunha necesidade ineludible. Axúdannos adaptar os nosos solos aos cambios climáticos, pois

A reflexión no rural, nesa proximidade total, irá en carácter comunal e uso social, como conservar, mellorar e desenvolver, o noso patrimonio forestal. Debemos ter montes públicos.

Moi de maneira inmediata, desde o antedito, temos a presenza preocupante e motivada a máis, do eucalipto. Non vai así nos carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros. Tamén non o fai nos piñeiros. Tampouco nos carballos americanos, chopos, acacias, etc. O dominante é o eucalipto e a menos distancia os piñeiros. Tanto é así que invaden terras agrícolas e aqueloutras de cerca de fontes, regatos, mananciais e fontes. Todo vai morrendo a medida que os eucaliptos medran en presenza. Isto tamén se xustifica pola grande demanda de madeira de eucalipto e iso saca interese a outras madeiras de calidade como a de castiñeiros, nogueiras, cerdeiras, freixo, etc. Non esquezamos tampouco, de haber unha verdadeira



ordenación dos nosos montes, habería a posibilidade comunitaria e equilibrada da presenza de gando de todo tipo. Os esforzos e custos serían mínimos.

O eucalipto é unha árbore maldita. Está por todas partes. Expáñdese sen freo. Quere, e está conseguíndoo, ser a alternativa da industria madeireira. Comeza ser unha árbore de discordia. Mesmo a Xunta oculta expedientes de plantacións ilegais, négase dar información e non permite o control das plantacións. Por riba, hai unha compracencia e permisividade cara ao cumprimento das leis e normas (sempre favorables aos “da madeira”). É así, como xa dixemos, plantacións ilegais, herbicidas, maquinaria polo monte irrespectuosa cos medio e coa paisaxe (e coas persoas e animais). Danlle preferencia ás industrias que son quen marcan por onde ir e beneficianse desa política forestal. Tratan de que se escolla entre o malo e o peor. Faíse necesaria unha nova conciencia popular. Case exclusivamente empregado para a industria do papel, os propietarios de terreos forestais optan polo eucalipto polo seu crecemento rápido. Polo mesmo debemos reflexionar que é valor e que é prezo (e custo para a biodiversidade). As consecuencias dos eucaliptos

son malas para a natureza e a biodiversidade. Degradan o solo, axudan á propagación dos lumes e deixan seca onde houbo recursos hídricos. O seu impacto é abafante. Os seus efectos son simplemente perniciosos. Polo tanto, as galegas e os galegos, as xentes do rural, teñen e terán razóns para, por mor dos eucaliptos (e máis), mirar o porvir con preocupación. De seguir así, a situación non deixará de empeorar. Ims ao desastre.

En referido aos eólicos, un problema enorme para co noso medio natural desde uns postulados enerxéticos sostibles, verdes e alternativos, cos que concordamos, pero non así en como e onde se levarán adiante, pois de primeiras o que debese ser un servizo público ordenado, equilibrado e respectuoso, vólvese unha depredación e unha invasión consentida polos gobernos a prol das grandes empresas en boa parte, case que todas, foráneas que nada de ben nos traen e si moito que nos levan. E como nos deixan?

Os proxectos de instalación son innumerables e coa única intención de sacar proveito para lévalo fóra, como a rapina, deixándonos peor do que estamos. Soamente por esta parte

consta que hai vinte proxectos de instalación de parques. Neste facer e dispor, co absoluto protagonismo (monólogo) da empresas que serán concesionarias, anuncian transparencia cando o que fan é aproveitarse do descoñecemento das nosas xentes pola falta de información sobre o tema e mesmo non gardan formas para ameazar con expropiacións e pagar o menos posible, amparándose en leis e normas que pretenden deixar as nosas xentes sen dereitos. Coas obras haberá un gran movemento de terras e ao amparo dos aeroxeneradores non gardarán respecto polo medio natural e mesmo co aquel de “se hai que mover...móvese, se hai que tiralo...tírase”. Tamén debemos ter en conta os efectos negativos para o noso gando, para os nosos ecosistemas, para o forestal e tamén, como, turístico, as coberturas de móbiles, internet, radio e tv, levando consigo un despoboamento que vai no preocupante. O impacto medioambiental, nas paisaxes, son de moita consideración, os danos no patrimonio, a afección aos acuíferos, os incendios, etc. E din que xeran traballo. O que si é que nos moerán a cabeza. Todo contra nós e consentido.

*“ O tempo libre, o lecer, os traballos, o vivir, o coñecemento e a cultura, o patrimonio, a Lingua, todo no rural en especial, xeran vida e valores impagables, ata un diñeiro do que poder vivir. A natureza, os bosques, o patrimonio, non son soamente dos donos da terra, que é de todas e de todos e que non é de ningún. Unha cousa son as empresas e outra a veciñanza de vilas e de aldeas.”*

O que fagamos agora determinará o futuro e se non facemos nada, dentro de poucos anos, non moitos, haberá quen mire para atrás e preguntaranos:

*Que fixestes?*

Que ningún nos teña que dicir que non o intentamos.